



Normas para o desenvolvemento do Plenario en Galicia da Sección Sindical de CCOO en LIDL SUPERMERCADOS

INTRODUCCIÓN

1.- A Comisión Executiva da Federación de Servicios de CCOO, na súa reunión do pasado 1 de decembro de 2016, aprobou a convocatoria do Plenario de Constitución da Sección Sindical Estatal de LIDL SUPERMERCADOS que se celebrará en Madrid o próximo 9 de febreiro de 2017, así como as **Normas de Funcionamento** do mesmo.

A Dirección Provisional de CCOO Servizos Galicia, en cumprimento das normas aprobadas para este proceso pola C.E. Federal, así como do Regulamento interno de seccións sindicais aprobado polo Comité Federal o 20 de abril de 2015, adopta as seguintes normas para o seu desenvolvemento en Galicia.

2.- Acórdase constituír unha Comisión Delegada para o seguimento, organización e desenvolvemento do proceso de renovación da sección sindical en Galicia, así como da elección da delegación ao Plenario estatal que estaría conformada da seguinte maneira,

Pola Dirección Provisional

Francisco Villares Cousillas

Rosario Pérez Graña

Alejandro Salvador Fuentes

Pola Sección Sindical

Patricia Mariño Miramontes

1. PARTICIPACIÓN

Poderá participar toda persoa afiliada ao Sindicato no ámbito da empresa LIDL SUPERMERCADOS S.A, que estea ao corrente de pago das cotizacións no momento de celebrarse calquera reunión e/ou asemblea. Para poder ser escollido/as aos órganos de dirección e representación da sección sindical, estarase ao disposto nos estatutos do Sindicato, en base á antigüidade na afiliación.

Ao mesmo tempo, todos os afiliados e afiliadas terán que ser informados convenientemente do lugar, data e hora en que poderán exercer o seu dereito de opinión e elección.

2. PROCEDIMENTO DE RECLAMACIÓNS

Calquera reclamación a que dea lugar o proceso de plenarios será resolta en primeira e única instancia pola Comisión Delegada de CCOO Servizos de Galicia no prazo máximo de 2 días desde a súa recepción, e deberá presentarse por escrito ante calquera membro da mesma, ou ao correo electrónico direccionprovisional.galicia@servicios.ccoo.es, ao día seguinte do feito que a motiva

3. OBXECTIVOS DO PLENARIO REXIONAL

Son obxectivos do Plenario Rexional da Sección Sindical de CCOO en Lidl Supermercados en Galicia os seguintes:

- Discusión dos documentos do Plenario estatal
- Elección de delegados e delegadas ao Plenario estatal (DOUS)
- Renovación dos órganos de dirección da Sección Sindical en Galicia.

4. REUNIÓNS PREVIAS AO PLENARIO

Ante a escasa afiliación dos centros de traballo existentes, concentrándose na provincia da Coruña, acórdase a celebración dun único Plenario rexional, convocando á toda a afiliación da empresa para ese efecto.

Aos efectos de facilitar a participación, calquera persoa afiliada proveniente de fóra da provincia da Coruña poderá solicitar a súa conexión por videoconferencia ao Plenario desde a sede comarcal de CCOO máis próxima, para o que deberá solicitalo con 48 horas de antelación ao comezo do mesmo ao correo electrónico direccionprovisional.galicia@servicios.ccoo.es

5. PLENARIO TERRITORIAL DE GALICIA

Data e local de reunión

O Plenario da S.S. de Galicia terá lugar o día **11/01/2017 en Santiago de Compostela, nos locais de CCOO en Santiago de Compostela, Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8, San Lázaro, e estará convocada toda a afiliación dos diferentes centros de traballo da empresa situados en Galicia.**

Lugar: Sala de Prensa, planta baixa. Edificio Sindical Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8. San Lázaro. Santiago de Compostela

Mesa e Comisións do Plenario

Estará composta por 3 persoas, elixidas: **2 persoas elixidas pola Comisión Delegada do Plenario e unha pola provincia de maior afiliación (A Coruña)**

A Mesa elixirá entre os seus membros a unha Presidenta ou un Presidente, que dirixirá os debates do Plenario, garantindo o cumprimento da orde do día e unha Secretaria ou Secretario que tomará nota de canto suceda no Plenario. Conxuntamente, levantarán Acta dos acordos adoptados e os órganos elixidos, da que enviarán copia á Secretaría de Organización de CCOO Servizos, antes do 13/01/2017

Son funcións da Mesa: abrir o Plenario e someter a votación a orde do día, moderar os debates, recibir todo tipo de documentos que lle sexan presentados, establecer os horarios para a entrega de candidaturas e proceder á súa comunicación ao Plenario, establecer os tempos para as distintas intervencións e someter as distintas propostas a votación.

A Mesa encargarse de certificar a identidade das persoas convocadas, incorporando á Acta do Plenario a relación nominal dos mesmos.

A Mesa asumirá as funcións de Comisión de Resolucións. Calquera delegado ou delegada ao Plenario poderá presentar unha resolución se vén referendada polo 10% das persoas acreditadas.

Así mesmo, a Mesa asumirá as funcións da Comisión Electoral ou de Candidaturas, validando e proclamando as candidaturas que se presenten. Establecerá criterios de recepción de candidaturas e nomearán portavoz para a súa presentación ao Plenario

As candidaturas presentaranse a:

- Delegación de Galicia ao Plenario Estatal (2 persoas).
- Os órganos de dirección da sección sindical en Galicia, ou responsable, no seu caso.

As candidaturas votaranse polo sistema de listas pechadas, bloqueadas e completas, con atribución proporcional de resultados.

En todos os casos nos que se teña que escoller a persoas para os organismos de dirección e representación, sexa no nivel que sexa, farase o máximo esforzo para presentar propostas unitarias, co criterio de participación e incorporación dos diferentes colectivos que se expresan á nosa sección sindical.

No caso de non conseguir unha soa candidatura, votaranse as presentadas, e a distribución efectuarase de forma proporcional aos votos obtidos por cada candidatura.

Se levantará acta do Plenario que deberá conter:

- Emendas que se presenten no debate e discusión dos documentos do plenario estatal
- Os nomes, apelidos e DNI dos delegados e as delegadas elixidos ao Plenario da sección sindical de Lidl Supermercados
- Os nomes, apelidos e DNI dos membros do órgano de dirección, ou da persoa responsable ou coordinadora de ámbito autonómico
- As posibles incidencias que puidesen producirse e, no seu caso, as resolucións adoptadas.

Orden do día do Plenario

Hora de inicio 10,30 horas

No desenvolvemento do Plenario someteranse á súa aprobación:

- A delegación correspondente elixirá a súa representación na composición da Mesa do Plenario
- As resolucións e acordos do Plenario.
- A renovación dos órganos de dirección da sección sindical de Galicia
- A delegación da S.S. Territorial ao Plenario Estatal.(dúas persoas)

AFILIACION E REPRESENTACIÓN LIDL SUPERMERCADOS EN GALICIA

Provincia	Afiliación	%
A Coruña	33	80,49
Pontevedra	6	14,63
Ourense	2	4,88
Total	41	100

EL SINDICATO EN LIDL							
AUTONOMIA	Nº CENTROS	PLANTILLA SEGÚN SS	ELECTORAS/ES	AFILIADOS HOMBRE	AFILIADAS MUJER	TOTAL AFIL	VOTOS CCOO
GALICIA	17	535	542	9	32	41	115
TOTALES ESPAÑA:	346	14.604	8.989	161	658	819	2.470

REPRESENTATIVIDAD													
AUTONOMIA	TOTAL DELEGADAS	DELEGADOS CCOO							RESTO				
		CCOO HOMBRE	%	CCOO MUJER	%	TOTAL DEL CCOO	% CCOO	DEL CCOO NO AFILIADAS	UGT	% UGT	RESTO	% RESTO	CCOO-UGT
GALICIA	32	4	36,4	7	63,6	11	34,4	2	10	31	11	34	1
TOTALES ESPAÑA:	406	52	28	134	72	186	45,8	42	160	39	58	14	26

REPRESENTACIÓN

